

Ponse en marcha a 3ª edición de «Fálame da emigración: o valor da experiencia»

O obxectivo deste proxecto é que os socios e socias dos Espazos +60 que estiveses na emigración transmitades á mocidade os coñecementos e experiencias adquiridos durante a vosa estancia fóra de Galicia, ao tempo que vos enriquecedes coa visión da xente nova. Os rapaces e rapazas dos institutos escollidos serán tamén participantes activos desta experiencia. Ante todo, esta é unha oportunidade para o diálogo e o entendemento mutuo, para compartir vivencias e emocións arredor das historias da emigración galega da que vós sodes protagonistas.



«Fálame da emigración: o valor da experiencia» é o proxecto interxeracional de Afundación

Unha experiencia moi gratificadora para todos os participantes




«Os nenos vinos encantadores, e traían da casa unhas historias dos seus parentes que estiveran emigrados que eran unha preciosidade. Eu fíxenlles ver os sacrificios que tiveron que facer os nosos antepasados para poder estar eles nesas aulas como están». Elvira Sabucedo, voluntaria do Espazo +60, Ourense.

«É importante saber que antes as cousas non eran tan doadas e que tiveron que saír á emigración para poder saír adiante». Gael Rodríguez, 2º ESO, IES As Lagoas, Ourense.



«Integra emocións, fundamentais para a aprendizaxe e capta a atención do alumnado, o descubrimento de novas experiencias, esperta a curiosidade dun xeito motivador e estimulante». Julián Ferrer, Vicedirector do IES Francisco Aguiar de Betanzos.



Este programa é posible grazas ás persoas voluntarias, socias dos Espazos +60 de Afundación en Viveiro, Lugo, Monforte, Ourense, Ferrol, Pontedeume, Betanzos, A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo, que de forma voluntaria comparten as súas experiencias co alumnado dos institutos participantes no proxecto para achegarlles a historia da emigración galega.

Nos cursos **2016/2017** e **2017/2018** participaron no proxecto:

11 Espazos +60 Afundación
94 persoas voluntarias
18 institutos de ensino secundario
1286 mozos e mozas da ESO

Estiveches na emigración?

Se estiveches na emigración, participa nunha experiencia gratificante coa mocidade e descubre o que lles podes achegar. Comparte con eles os coñecementos e experiencias adquiridos ao longo da túa estancia fóra de Galicia, ao tempo que te enriqueces coa visión da xente nova! Contarás con todo o apoio de Afundación para facilitar a túa participación e preparar os encontros.

Contribúe co valor da túa experiencia e comparte a túa historia de vida en «Fálame da emigración»

Como se fai «Fálame da emigración»

A experiencia da emigración é o fío condutor do diálogo interxeracional, que toma forma en dous encontros nun centro educativo da túa localidade. Nestes encontros, as persoas maiores e novas compartiredes experiencias, opinións, saberes... e, por que non? tamén anécdotas.



Preparación: co apoio de Afundación, as persoas voluntarias preparades a narración da vosa historia de vida no Espazo +60. Pola súa parte, o profesorado explica ao alumnado o contexto social e histórico da emigración galega, usando o material didáctico e documentais achegados por Afundación.



Primeiro encontro: relatas a túa historia de vida xunto con outras persoas voluntarias do teu Espazo +60 e mantedes co alumnado un coloquio aberto no que intercambiades opinións, preguntas...



Traballo sobre a historia familiar: despois do primeiro encontro, o alumnado investiga experiencias na emigración da súa familia e contorna e prepara as súas propias historias para relatar no seguinte encontro.

Segundo encontro: o alumnado expón os relatos da emigración recollidos na súa contorna familiar. Xuntos traballades e reflexionades sobre as similitudes e diferenzas da emigración do voso tempo e as migracións actuais.

falamedаемigracion.afundacion.org

Nesta páxina recolleemos as historias de vida contadas polos seus protagonistas, así como as que prepara o alumnado coas experiencias dos seus familiares. As fotografías, vídeos e testemuños ilustran os encontros e o material didáctico do proxecto.

Se queres recibir máis información ou desexas participar neste proxecto, ponte en contacto co/coa responsable do Espazo +60 da túa localidade.